

de Administración Pública, rúa Madrid-polígono das Fontiñas, Santiago de Compostela ás 16.30 horas do día 28 de abril de 2003. Os opositores deberán ir provistos de documento acreditativo da súa identidade.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2003.
M^a Lourdes Batán Aira
Presidenta do tribunal

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA

Orde do 3 de abril de 2003 pola que se resolve a convocatoria de libre designación, anunciada por Orde do 17 de febreiro de 2003 (Diario Oficial de Galicia número 38, do 24 de febreiro).

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo, vacante na Consellería de Economía e Facenda, por Orde do 17 de febreiro de 2003 (*Diario Oficial de Galicia* número 38, do 24 de febreiro), en uso das facultades e atribucións conferidas pola Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, no seu artigo 15.4º e de conformidade co disposto no artigo 27.2º da referida lei, modificado polo artigo 6 da Lei 3/1995, do 10 de abril; visto o Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e demais normativa vixente, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Designa-la funcionaria que se cita no anexo desta orde para ocupa-lo posto que así mesmo se sinala.

Segundo.-O cesamento no actual destino efectuarase segundo o previsto no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, no prazo de tres días a partir do seguinte ó da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. A toma de posesión deberá facerse no prazo de tres días a partir do seguinte ó do cesamento ou no dun mes, segundo proceda, de conformidade co disposto no referido artigo.

Terceiro.-A xefatura de persoal do centro onde cause alta a funcionaria efectuará, dentro dos prazos sinalados anteriormente, a dilixencia de toma de posesión, e seguidamente serán realizados os trámites para a súa alta en nómina.

Das dilixencias efectuadas serán remitidas copias á Dirección Xeral da Función Pública e á Inspección Xeral de Servizos.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados/as poderán interpoñer, potestativamente, recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ó da súa publicación no *Diario Ofi-*

cial de Galicia; de conformidade co disposto no artigo 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses desde a mesma data, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da circunscrición na que teña o seu enderezo o demandante, ou ben no da Coruña, á súa elección, conforme os artigos 8, 14 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 3 de abril de 2003.

P.D. (Orde 13-12-1993)

Emilio Álvarez Rey

Secretario xeral e do Patrimonio da Consellería de Economía e Facenda

ANEXO

Apelidos e nome: Morato Miguel, Ana María.

NRP: 3278311402 A2086.

Grupo: A.

Denominación do posto: interventora delegada da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

Código do posto: EFC030001515770001.

Nivel: 30.

Centro directivo ou dependencia: Intervención Xeral da Comunidade Autónoma.

Localidade: Santiago de Compostela.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Resolución do 7 de abril de 2003, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se fai pública a adxudicación definitiva de destinos do concurso de traslados específico para cubrir prazas de xefatura do departamento de orientación, convocado pola Orde do 22 de xaneiro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 3 de febreiro).

En aplicación do disposto na base décimo quinta da Orde do 22 de xaneiro de 2003 (DOG do 3 de febreiro), pola que se convoca concurso de traslados específico entre funcionarios de carreira do corpo de mestres para cubriren prazas de xefatura do departamento de orientación nos colexios públicos de educación infantil e primaria e de educación primaria dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, esta dirección xeral

RESOLVE:

Primeiro.-Facer pública, no anexo I a esta resolución, a adxudicación definitiva dos destinos obti-

dos no concurso de traslados específico, convocado pola citada orde.

Segundo.-A toma de posesión dos destinos acadados neste concurso terá efectos do 1 de setembro de 2003.

Terceiro.-Facer públicas, no anexo II a esta resolución, as reclamacións estimadas e desestimadas ó baremo definitivo.

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2003.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

ANEXO I

Listaxe de adxudicacións definitivas do concurso de orientación

Apelidos e nome	DNI	Destino adxudicado	Concello	Localidade	Tipo adxudicación	Puntuación
Liste Piñeiro, María	33254217	CEIP de Ventín	Ames	Biduído	Der. pref. centro	50,9827
López Romalde, María Amparo	32645298	CEIP de Carnota	Carnota	Carnota	Puntuación	19,0910
Vilela Castro, Mª Pilar	32640783	CRA de Narón	Narón	San Xiao	Der. pref. centro	54,5165
Betanzos Rego, Tobías	33253801	CRA de Rianxo	Rianxo	Asados	Der. pref. centro	70,7497
Lobato Martínez, José M.	33244567	CEIP A.D.R. Castela	Rianxo	Rianxo	Puntuación	33,9660
Álvarez Rodríguez, Arturo	10052537	CEIP Os Tilos	Teo	Cacheiras	Der. pref. centro	38,2745
Para Lloret, Mª Encarnación	32396895	CRA de Teo	Teo	Calo	Der. pref. centro	89,9000
Santamaría Cameán, Xoán Manuel	33193296	CEIP da Ramallosa	Teo	Lucí	Puntuación	77,8333
Castelao Balboa, María Esther	36075615	CEIP Julio Gurriarán Canalejas	O Barco de Valdeorras	O Barco de Valedoras	Puntuación	12,1380
López Torres, Clara Mª	35561470	CRA de Tomiño	Tomiño	Seixo	Der. pref. centro	30,6806

ANEXO II

Reclamacións estimadas e desestimadas ó baremo definitivo

- Balsa Noya, Manuela.
- Epígrafe A. Estimar (16 puntos).
- Casal Lluch, María Teresa.
- Epígrafe F3. Estimar (1,5 puntos).
- Ferreiro Campos, María Cruz.
- Epígrafe F2. Estimar (1,5 puntos).
- Epígrafe H. Desestimar.
- Gamallo Ugarriza, María del Pilar.
- Epígrafe E3. Desestimar.
- García Álvarez, María Ángeles.
- Epígrafe G. Estimar (total 10 puntos).
- García Rodríguez, María Jesús.
- Epígrafe G2. Estimar (0,1666 puntos).
- López Castro, María Rita.
- Epígrafe G3. Estimar (0,5 puntos).
- Recondo Burgo, Montserrat.
- Epígrafe F2. Desestimar.
- Epígrafe G2. Estimar (3,6250 puntos).
- Epígrafe H. Estimar (+5 puntos).
- Robles García, Manuela.
- Epígrafe G2. Estimar (0,8330 puntos).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

Corrección de erros.-Orde do 14 de marzo de 2003 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos centrais do Servizo Galego de Saúde.

Advertido erro, por omisión, no texto da dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 67, do

4 de abril de 2003, cómpre efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 4.314 no anexo I, onde di: «Adscrición a administracións públicas: adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración de comunidades autónomas»; debe dicir: «Adscrición a administracións públicas: adscrición indistinta a funcionarios da Administración da Xunta de Galicia, Administración do Estado, Administración de comunidades autónomas e persoal estatutario do Sergas».

Corrección de erros.-Orde do 20 de marzo de 2003 pola que se anuncia a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nos servizos centrais da Consellería de Sanidade.

Advertido erro, por omisión, no texto da dita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 68, do 7 de abril de 2003, cómpre efectuar a seguinte corrección:

Na páxina 4.378 no anexo I, onde di: «Formación específica: mecanografía/para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (R.I.)»; debe dicir: «Formación específica: para persoal doutra Administración, curso de iniciación de galego (R.I.)».